

ACORDO DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES DE BOLSAS DE FORMACIÓN NA DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO

Na sesión que tivo lugar o día 13 de xuño de 2023, a Comisión de Valoración encargada de avaliar as solicitudes das bolsas de formación na Dirección Xeral de Comercio e Consumo, convocadas pola Orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, do 5 de abril de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das bolsas de formación na Dirección Xeral de Comercio e Consumo e se procede a súa convocatoria para o ano 2023 (DOG nº 77, do 21 de abril de 2023), adoptou, de conformidade co establecido nas bases reguladoras da dita orde, o seguintes acordos:

Primeiro.- Revisar as reclamacións formuladas polas persoas solicitantes das bolsas, unha vez rematado o prazo de presentación das mesmas o 12 de xuño.

Rematado o prazo de presentación de reclamacións, o 12 de xuño, infórmase que non houbo ningunha.

Segundo.- Publicar as listas definitivas de admitidos e non admitidos e convocar aos dez primeiros aspirantes con maior puntuación na valoración dos méritos.

Así mesmo, no artigo 12.5 das bases reguladoras establécese que a segunda fase consistirá nunha entrevista. As persoas preseleccionadas serán convocadas, mediante publicación na páxina web da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, a realizaren unha entrevista persoal ante a Comisión de Valoración, na sede da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, na que se valorará a súa capacidade de resposta, motivación e iniciativa. De non se presentar a entrevista, entenderase que o aspirante renuncia á bolsa, polo que a súa solicitude será desestimada.

Por conseguinte, esta comisión elabora a lista dos solicitantes que superaron a primeira fase e que son convocados á realización da entrevista persoal, e na que figura o día e a hora na que terá lugar. A dita lista figura como anexo III deste acordo.

A Presidenta da Comisión de Valoración

Marta López Quintás

Asinada electronicamente

